



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Servizo	Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025
Plan	Planificación deportiva anual do Concello de Santa Comba (PSErvXAL)
Expediente TEdC	2024/C004/000004
Código servizo	2024/C004/000004
Orzamento	70519,1 € (21 % IVE incluído)
Licitación PLACSP	2024/C004/000004. Data: 26/07/2024
Procedemento	aberto, (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)
Tramitación	ordinaria

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello

Sesión núm.: 3

Tipo de sesión: ordinaria

Data: 21 de agosto de 2024 (mércores)

Hora de comezo: 14:59 h

Hora de remate: 16:01 h

ASISTENTES

- Patricia Val Antelo, concelleira-delegada de Cultura; Deportes; Educación; Formación; Normalización Lingüística; Comunicación e Tecnoloxía; Xuventude, presidenta
- Evaristo Lois Rama, secretario accidental (PR da DXAL do 25/03/2021 e PD alcalde núm. 1199/2024 do 05/08/2024), vogal primeiro
- Francisco Javier Ulloa Arias, interventor municipal, en comisión de servizos (PR da DXAL do 18/01/2024), vogal segundo
- María del Carmen Castro Reborido, xefa do Negociado de Tesourería, como secretaria da mesa, con voz e sen voto

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación da acta da sesión anterior, a núm. 2 do 16/08/2024
- 2 Acto de valoración da oferta de criterios de xuízo de valor. Estudo do informe técnico de valoración dos criterios de xuízo de valor sobre B: *Referencias técnicas. Criterios non avaliábles de forma automática*
- 3 Acto de apertura do sobre C: *oferta económica e demais criterios avaliábles automaticamente*
- 4 Acto de valoración do sobre C: *oferta económica e demais criterios avaliábles automaticamente*
- 5 Proposta de requirimento de documentación ao licitador que presenta a mellor oferta
- 6 Rolda de intervencións



O interventor municipal asiste e exercita o dereito de voto por medios telemáticos.

Foi comprobado pola secretaria da mesa o quórum de asistencia que se precisa.

Foi aberta a sesión, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.

DEBATE E ACORDOS

1 Aprobación da acta sesión anterior, a núm. 2 do 16/08/2024

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, a núm. 2, correspondente ao 16/08/2024.

2 Acto de valoración da oferta de criterios de xuízo de valor. Estudo do informe técnico de valoración dos criterios de xuízo de valor sobre B: *Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática*

Logo de ver que no prego de cláusulas administrativas particulares, (en diante PCAP), que rexe a licitación diferéncianse dúas fases da valoración das ofertas, sendo a primeira a de valoración dos criterios non avaliados mediante fórmulas:

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS NON AVALIADOS MEDIANTE FÓRMULAS	Organización e metodoloxía do servizo O proxecto a presentar polos licitadores no que se detallarán aspectos básicos da prestación do servizo, deberá comprender de xeito detallado o indicado nos apartados 1 a 4 da memoria.	Ata 30 puntos
	Recursos humanos, materiais e técnicos O proxecto a presentar polos licitadores, no que se detallarán aspectos básicos da prestación do servizo, deberá comprender o sistema de substitución de persoal para o caso de ausencias; reciclaxe e formación que se impartirá ao persoal proposto, especificando programas e número mínimo de horas; medios materiais adscritos ao servizo por parte do adxudicatario, debendo identificarse material, unidades e valoración económica do mesmo.	Ata 19 puntos
49 %	Total criterios subjetivos	49,00 puntos

E de ver os documentos incluídos polos licitadores admitidos no sobre B: *Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática.*

A técnica municipal, designada polo órgano de contratación, informa:



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Praza do Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Coruña) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: concello@santacomba.dicoruna.es

FASE I

MEMORIA PARA OS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

EMPRESA : LUDUS TEMPORI

1. IDENTIFICADOR DO LICITADOR

Neste apartado a empresa Ludus Tempori S. Coop. Galega identifícase con domicilio na rúa Calzada das Gándaras, nº 35 A, C.P.: 27.003 (Lugo) e con C.I.F.: F-27449735.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DO SERVIZO

Na memoria aparece a contextualización do servizo (do 16 de setembro de 2024 ao 31 de maio de 2025).

Cun cómputo total de 2564 horas; tamén aparecen detalladas as instalacións deportivas onde se impartirán as actividades reflectidas na memoria.

3. PROGRAMACIÓN DEPORTIVA DO CURSO 2024/2025

A proposta das actividades presentadas pola empresa Ludus Tempori está de acordo coa programación deportiva feita polo concello de Santa Comba para o curso 2024/2025, neste programa presentado pola empresa aparecen reflectidas actividades substitutivas á programación deportiva coma aerobio, danza, atletismo, GAP, Hiit, tábata, running e chachibol pero non aparecen como novas actividades.

No relativo á organización da clausura das actividades mencionan exhibición ou clases en espazos públicos do concello de Santa Comba pero sin detallar o tipo de exhibicións ou actividades/eventos.

Ludus Tempori, seguindo a memoria presentada, dará de alta aos participantes no programa Xogade, inscribirá ao equipo no susodito programa e os/as monitores/as acompañarán aos participantes do programa durante as competicións.

No programa Xogade a empresa estipula 30 horas (baseándose no curso pasado) que xa están recollidas no total de horas do proxecto.

4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

No referente á coordinación, Ludus Tempori indica unha coordinación diaria e fluída con reunións previas para delimitar o servizo.

O equipo de monitores e monitoras manterá informado ao coordinador da empresa de calquera incidencia e este a súa vez será o interlecutor co Concello.

A empresa menciona que fará o control e seguimento do servizo de acordo coas pautas marcadas no PPT.

No caso de producirse un accidente o protocolo ao que fai referencia a empresa é o hábitual.



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Plaza de Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Coruña) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: concello@santacomba.dicoruna.es

No referente ao tratamento e protección de datos Ludus Tempori seguirá o que está establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos).

5. RR.HH

En relación aos medios humanos que se adscriben ao servizo a empresa presenta un cadro coas actividades, posibles titulacións e funcións dos/as monitores/as e do coordinador/a de maneira global. As substitucións de monitores por baixa ou vacacións será inmediata co fin de afectar o menos posible ao servizo (sen determinar as horas de antelación para avisar as baixas, vacacións, etc). A empresa Ludus Tempori impartirá 2 cursiños anuais como formación complementaria ao monitorado (un curso de Primeiros Auxilios e outro curso de Igualdade).

6. RR.MM.

A empresa Ludus Tempori presenta un cadro co material desglosado por unidades e prezo; o material presentado está de acordo do PPT e a empresa aportará a maiores 2 porterías de hockey cunha valoración total do material de 2.916,95€ (valoración estipulada pola empresa).

A empresa Ludus Tempori S.C. presenta unha memoria completa de conformidade cos parámetros fixados; ben definida e estruturada; metodoloxía completa e proposta de medios materiais e humanos boa. Proxecto completo que acada unha ponderación máxima de **46,93%**

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS PROPOSTA TÉCNICA, DE MEDIOS E ORGANIZATIVO DO SERVIZO: ATA 49 PUNTOS

EMPRESA:	Organización e metodoloxía: ata 30 pts	Recursos humanos, materiais e técnicos: ata 19 pts	TOTAL:
LUDUS TEMPORI S.C	15 puntos	8 puntos	23 puntos



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Praza do Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Coruña) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: correo@santacomba.dicoruna.es

EMPRESA: VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES

1. IDENTIFICACIÓN DO LICITADOR

A empresa VV Xestión de actividades identifícase con domicilio fiscal na rúa do Pombal 43, C.P.: 15-705 (Santiago de Compostela).

A contextualización do servizo baséase na mellora da calidade da vida das persoas e a promoción de hábitos saudables co obxectivo de fomentar a práctica deportiva regular entre a cidadanía (abarcando tanto a nenos/as coma persoas adultas).

Tamén menciona un obxectivo moi importante que é o de poñer a disposición de todos/as os/as veciños/as de Santa Comba a posibilidade real de practicar deporte e actividade física sin discriminación de idade, sexo ou condición social/ideolóxica ou física.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DO SERVIZO

En relación as actividades deportivas VV Xestión de actividades presenta un cadro xeral.

3. PROGRAMACIÓN DEPORTIVA CURSO 2024/2025

A proposta de programación das actividades deportivas tanto para nenos/as coma para adultos é moi completa xa que a empresa fai unha descrición de cada actividade e nomea os obxectivos que pretenden acadar en cada actividade; ademais de describir a metodoloxía utilizada (metodoloxía flexible, integradora, activa, participativa, significativa, lúdica e creativa).

No relativo ás técnicas de ensinanza a empresa VV Xestión de actividades subliña as seguintes:

- Mando directo. - Asignación de tarefas.
- Reproducción de modelos. - Ensinanza individualizada.
- Descubrimento guiado. - Búsqueda.

Tamén destaca o apartado no que a empresa dalle importancia no diagnóstico inicial (detectando as necesidades actuais da poboación xalleira) e onde diferencia as seguintes partes:

1ª Unha análise do entorno.

2ª Unha definición das características básicas dos aprendices.

3ª Unha análise dos contidos a ensinar.

4ª Unha análise dos obxectivos, da metodoloxía, avaliación, técnicas de ensinanza, etc.

No apartado da organización da clausura a empresa indica que fará unha clausura das escolas cunha representación das actividades e con invitados para pechar o curso.



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Plaza do Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Costiña) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: concello@santacomba.dicoma.es

4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

A empresa VV Xestión de actividades indica as seguintes funcións ao coordinador do servizo:

- * Apoiar e axudar á técnica de deportes e a concelleira nas iniciativas que o concello propoña.
- * Supervisar o programa de actividades coa dirección técnica municipal cada 3 meses ou cando esta o requira.
- * Ter reunións mensuais coa técnica de deportes e coa concelleira para propoñer, asesorar e axudar nas escolas deportivas.
- * Supervisar que se cumplan os horarios das actividades.
- * Informar ás familias e monitores de calquera circunstancia.
- * Colaborar co concello de Santa Comba na recollida de datos e outros traballos indispensables para o bo funcionamento da actividade.
- * Elaborar informes mensuais e anuais.
- * Diseñar unha enquisa para a valoración das escolas deportivas: monitores, instalacións, actividades, limpeza, metodoloxía, etc.
- * Coordinar o protocolo ante posibles accidentes deportivos.
- * Elaborar e presentar informes ou memorias pertinentes.

Os métodos de control e seguimento do servizo farase de maneira continua e utilizarán enquisas, cadernos de control, fichas de control, diarios de campo, listas de control, memorias mensuais, etc., para ter un mellor control do servizo prestado.

A empresa utilizará unha ficha de observación de usuario (con nome, apelidos, correo, teléfono e outros) ademais de levar un control de usuarios e asistencias cun arquivo en excel ou word para cada monitor/a e que ao rematar cada mes enviarán ao coordinador e a técnica de deportes municipal a asistencia e observacións de cada grupo.

Tamén indica que farán un grupo de wasap de cada actividade para informar das normas, notificacións, artigos relacionados coa nutrición, hábitos saudables, etc. Semanalmente os/as monitores/as entregarán ao coordinador unha folla xeral de observación onde se reflectirán os seguintes aspectos:

- | | |
|---------------------|-----------------------------------|
| - Material. | - Sustitucións. |
| - Espazos. | - Anomalías varias. |
| - Instalacións. | - Suxerencias do/a monitor/a. |
| - Cambios de grupo. | - Suxerencias dos/as usuarios/as. |

As memorias mensuais que presentará a empresa todos os meses será unha memoria explicativa e detallada de todos os servizos e das instalacións onde se desenvolven as actividades.

Antes de comezar o curso, o coordinador xeral, o coordinador de zona e os/as monitores/as farán unha reunión para deseñar, planificar e organizar as actividades, grupos, e espazos. Tamén elaborarán as programacións (obxectivos, contidos, etc) das actividades; repartirán as horas de uso das instalacións contando sempre co Concello; farán as fichas de seguimento para os/as alumnos/as e as sesións; eventos que se fagan durante o curso e un seguimento do alumnado mediante unha avaliación continua.



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Praza do Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Coruña) · Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: concello@santacomba.dicoruna.es

A maiores a empresa indica que o coordinador será o encargado de atender ao usuario (avaliación técnica do/a alumno/a, asistencias, faltas, etc).

No relativo ao protocolo a seguir ante accidentes a empresa indica que cubrirán os informes de acordo coas directrices do Concello de Santa Comba.

5. RR.HH

Os medios humanos que se adscriben ao servizo está reflectido nun cadro composto polo nome e apelidos de cada monitor/a; titulación de cada un/unha e a experiencia.

Todo o persoal da empresa dispón de formación en socorrismo e primeiros auxilios.

No relativo ás funcións dos/as monitores/as destacan:

- Seguimento e control do alumnado.
- Supervisión do programa de actividades coa dirección técnica municipal de o coordinador (cada 2 meses).
- Montar e desmontar, recoller material empregado nas actividades e deixar as instalacións en perfecto estado e conservación.
- Remitir informes e demais documentación que necesite o concello.
- Estar en contacto directo co coordinador.
- Facer unha enquisa de satisfacción e de suxerencias.
- Facer unha memoria final dos servizos prestados (informe, fotos, videos, etc).

Con respecto ao coordinador destaca o seguinte:

- Apoiar e axudar a técnica deportiva e a concelleira en todas as iniciativas que o concello propoña.
- Supervisar o programa de actividades cada 3 meses coa técnica deportiva municipal ou cando a técnica requira.
- Elaborar informes mensuais ou anuais.
- Coordinar o protocolo antes posibles accidentes deportivos.
- Elaborar e presentar informes ou memorias pertinentes.
- Etc.

A empresa VV Xestión de actividades levará a xestión de substitución de monitores da seguinte maneira:

- Comunicación interna entre monitores e coordinador cunha antelación mínima de 48 horas para posibles substitucións.

Tamén menciona que ten unha bolsa de traballo (dun máximo de 10 monitores/as) dispoñibles e capacitados para facer as substitucións.

En relación á formación dos/as monitores/as menciona a formación externa a través da FEDA Coruña ou formacións internas (de maneira presencial ou pildoras formativas).



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Praza do Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Coruña) · Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 78 e-mail: conso@sancomba.diconsa.es

6. R.R.M.M

A empresa VV Xestión de actividades presenta un cadro descritivo cos recursos materias que aportará en consonancia co PPT. A maiores añade rodas abdominais, foam roller, gomas amarres e combas e cun gasto total do material de 2120€ (prezo estimado pola empresa).

A empresa VV Xestión de actividades presenta unha memoria moi completa e novidosa de conformidade cos parámetros fixados; ben definida e estruturada; metodoloxía moi completa e proposta de medios materiais e humanos excelente. Proxecto moi completo que acada unha ponderación máxima de 93,87%

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS PROPOSTA TÉCNICA, DE MEDIOS E ORGANIZATIVO DO SERVIZO: ATA 49 PUNTOS

EMPRESA:	Organización e metodoloxía: ata 30 pts	Recursos humanos, materiais e técnicos: ata 19 pts	TOTAL:
VV Xestión de actividades	29 puntos	17 puntos	46 puntos



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Praza do Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Coruña) - Telfs: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: concello@santacomba.dicoruna.es

RESUMO DA FASE I DA VALORACIÓN DOS CRITERIOS NON AVAILABLES MEDIANTE FÓRMULAS

PROPOSTA TÉCNICA DE MEDIOS E ORGANIZATIVO DO SERVIZO: ATA 49 PUNTOS

EMPRESA:	Proposta técnica, de medios e organizativo do servizo - Organización e metodoloxía: ata 30 pts.	Proposta técnica, de medios e organizativo do servizo - Recursos humanos, materiais e técnicos: ata 19 pts.	Puntuación:
LUDUS TEMPORI S.C.	15 puntos	8 puntos	23 PUNTOS
VV XESTION DE ACTIVIDADES	29 puntos	17 puntos	46 PUNTOS

En Santa Comba a 20 de agosto de 2024.

Asdo.: A Técnica Deportiva Municipal

Firmado por CAPELO LANDEIRA ELISA - ***3902** el día 20/08/2024 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Elisa Capelo Landeira

SERVIZO: ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SANTA COMBA PARA O CURSO 2024/2025

Logo da convocatoria desta xuntanza, a técnica de Deportes informa verbalmente que no informe existe un erro material ou de transcripción que afecta á valoración do sobre B presentado pola empresa *Ludus Tempori SC* que cómpre corrixir. A puntuación será de 26 puntos.

Presenta un informe de rectificación que a técnica deberá referendar coa sinatura electrónica.



O informe coa rectificación:



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Plaza do Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Coruña) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: correo@santacomba.dicoruna.es

FASE I

RECTIFICACIÓN ERRO DE TRANSCRICIÓN NA PUNTUACIÓN MEMORIA PARA OS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

No informe desta técnica do 20 de agosto de 2024 referente á puntuación da memoria para os criterios non avaliábeis mediante fórmulas, advírtese dun erro material ou de transcripción na puntuación da empresa Ludus Tempori que cómpre rectificar.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

2 A doutrina xurisprudencial da S/TS de 27 do maio de 1991 na que se establece que o erro se caracteriza por ser ostensible, manifesto e indiscutible, implicando por si só, a evidencia do mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos, e exteriorizándose *prima facie* pola súa contemplación, requiríndose que concorran, entre outras, a seguinte circunstancia: 1) *que se trate de simples erros elementais de nome, datas, operacións aritméticas ou transcripción de documentos.*

Así onde di:

EMPRESA : LUDUS TEMPORI

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

PROPOSTA TÉCNICA, DE MEDIOS E ORGANIZATIVO DO SERVIZO: ATA 49 PUNTOS

EMPRESA:	Organización e metodoloxía: ata 30 pts	Recursos humanos, materiais e técnicos: ata 19 pts	TOTAL:
LUDUS TEMPORI S.C	15 puntos	8 puntos	23 puntos



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Praza do Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Coruña) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: conato@santacomba.dicoruna.es

Debe dicir:

EMPRESA:	Organización e metodoloxía: ata 30 pts	Recursos humanos, materiais e técnicos: ata 19 pts	TOTAL:
LUDUS TEMPORI S.C	16 puntos	10 puntos	26 puntos

Esta rectificación afecta tamén ao resumo da fase I.

Onde di:

RESUMO DA FASE I DA VALORACIÓN DOS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS PROPOSTA TÉCNICA DE MEDIOS E ORGANIZATIVO DO SERVIZO: ATA 49 PUNTOS

EMPRESA:	Proposta técnica, de medios e organizativo do servizo - Organización e metodoloxía: ata 30 pts.	Proposta técnica, de medios e organizativo do servizo - Recursos humanos, materiais e técnicos: ata 19 pts.	Puntuación:
LUDUS TEMPORI S.C.	15 puntos	8 puntos	23 PUNTOS
VIXESTIÓN DE ACTIVIDADES	29 puntos	17 puntos	46 PUNTOS



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

Præza do Concello, 1 - 15.841 Santa Comba (A Coruña) - Telf.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: correo@santacomba.dicoruna.es

Debe dicir:

RESUMO DA FASE I DA VALORACIÓN DOS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS PROPOSTA TÉCNICA DE MEDIOS E ORGANIZATIVO DO SERVIZO: ATA 49 PUNTOS

EMPRESA:	Proposta técnica, de medios e organizativo do servizo - Organización e metodoloxía: ata 30 pts.	Proposta técnica, de medios e organizativo do servizo - Recursos humanos, materiais e técnicos: ata 19 pts.	Puntuación:
LUDUS TEMPORI S.C.	16 puntos	10 puntos	26 PUNTOS
VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES	29 puntos	17 puntos	46 PUNTOS

Santa Comba, 21 de agosto de 2024

A técnica de Deportes

Elisa Capelo Landeira

SERVIZO: ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SANTA COMBA PARA O CURSO 2024/2025

Todos os ofertantes superan a puntuación mínima de 24,50 puntos (50 % da puntuación dos puntos asignados na Fase 1 que é de 49,00 puntos).

A mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDA**:

Tomar coñecemento dos informes da técnica municipal indicados arriba que son avaliados pola mesa.



3 Acto de apertura do sobre C: oferta económica e demais criterios avaliábles automaticamente

Antes do comezo deste acto, a secretaria comproba que non hai persoas interesadas en participar neste acto público.

Acto público

Os criterios de valoración e a puntuación deste sobre C:

Criterio núm.	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
1	Oferta económica	Ata 15 puntos
2	Implementación dunha plataforma de comunicación e control de asistencia online	Ata 6 puntos
3	Xornadas de fomento do deporte, hábitos de vida saudables e mellora da calidade de vida	Ata 6 puntos
4	Actividades e horas a maiores	Ata 24 puntos
51 %		51,00 puntos

A presidenta da mesa, en acto público, ordena abrir o sobre C: *Oferta económica e demais criterios avaliábles de forma automática*, que o secretario da mesa descifra, abre e descarga para a súa cualificación.

1.- O resultado da oferta económica:

Criterio 1				
Persoa licitadora	Oferta económica €)			
	Prezo sen IVE (A)	IVE Porcentaxe %	Importe IVE (B)	Total (A+B)
Ludus Tempori S Coop Galega	58.000,000	21 %	12.180,00	70.180,00 €
VV Xestión de Actividades, SL *	22,70 €	21 %	4,76 €	27,46 €
	58.202,80 €	21 %	12.222,59 €	70.425,39 €

As persoas licitadoras manifestan que non concorren con empresas vinculadas.

* A persoa licitadora formula a proposta económica en prezo/hora. No PPT desagregase a contía máxima en prezo/hora. No modelo de proposición se especificaba claramente que o valor estimado máximo sería 58.2027,80 €.

A mesa de contratación, logo do estudo da oferta económica, interpreta que é relevante o comprobar que o licitador aporta os datos necesarios para a aplicación da fórmula matemática para coñecer a oferta real, adquirindo un perfil secundario o formato no que se presenta (prezo/hora), que en ningún caso supón modificación da oferta, nin por suposto, atende contra o principio de igualdade** (a multiplicación do prezo/hora polas 2.564 horas que é o total máximo de horas que se establecen no PPT proporcionará a importe total da oferta).



O defecto é facilmente remediable, non implica un troco da proposta inicial nin en xeral unha inviabilidade da oferta.

** Resolución 91/2018, de 19 de outubro de 2018, del Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad Autónoma de Galicia (rec. 95/2018).

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, na resolución 096/2012, de 18 de abril de 2012, afirmou:

"a) Que é doutrina consolidada do Tribunal Supremo que nos procedementos de adjudicación dos contratos debe tenderse a lograr a maior concorrencia posible, sempre que os candidatos cumpran os requisitos establecidos ao efecto.

b) Que o artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, sobre rexeitamento das proposicións, sinala os supostos concretos en que así se debe proceder e exclúe de tal acción cando o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo, con tal de que o un ou a outra non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rexeitamento da proposición.

c) Que a omisión da multiplicación por 15 expresada no modelo de proposición non impide que o órgano de contratación poida ponderar o resultado da mesma tendo en conta que é ilusorio pretender interpretar que a oferta realizada, que obviamente está referida a unha quinceava parte do período total de execución do contrato e que coincide coa ponderación anulada que se expresa na cláusula sexta, poida ser considerada como comprensiva da totalidade do contrato, e que realizada tal multiplicación coincide co tipo de licitación establecido, considerando ao propio tempo a opción de aclaración da proposición que para talles supostos prevé o artigo 87.1 do mesmo Regulamento".

O Tribunal fai seu o criterio da Xunta Consultiva manifestado no informe citado, máxime cando no caso que nos ocupa non existe ningunha dúbida sobre o sentido da proposición da recorrente, que expresaba claramente cada unha das magnitudes contidas na súa oferta»

Despréndese desta Resolución que o transcendente é que a Mesa de Contratación debe ter os elementos suficientes para coñecer o sentido da oferta e que, saiba con certeza cal é a oferta presentada para podela valorar en posición de igualdade co resto de licitadores e conforme aos criterios establecidos no prego.

Pola súa banda, no Informe 6/2009 da Xunta Consultiva da Comunidade de Madrid refírese a un erro formal como é a falta de firma da proposición, por canto noutros casos afirma: «Se o erro producido na proposición económica non implica a imposibilidade de determinar pola Mesa de contratación cal é o prezo ofrecido para a execución do contrato, a proposición non debe ser refugada, non sendo causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión de palabras no modelo de proposición, se non alteraba o sentido da oferta, de conformidade co disposto no artigo 84 do RGLCAP».

Ao fío desta cuestión, sobre a viabilidade da oferta presentada, o Tribunal administrativo Central de Recursos contractuais, na súa Resolución nº 443/2019 dicía o seguinte: «... É viable xuridicamente a oferta que, aínda contendo o erro, respecta os principios de igualdade de trato, de concorrencia, e de transparencia, de modo que só será viable a oferta incurso nun erro cando sexa posible o seu cumprimento nas condicións en que se realizou, sen alterar a súa contía ou as súas condicións esenciais, sen prexuízo da alteración que proceda respectando este límite infranqueable».

Si bien es cierto que un órgano de contratación está obligado a redactar las condiciones de una licitación con precisión y claridad, no es menos cierto que no está obligado a prever todos los supuestos, por raros que sean, que puedan presentarse en la práctica (Resolución 260/2019, de 9 de agosto de 2019, del Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de Andalucía (rec. 47/2019), la cual cita la Sentencia del Tribunal General de la Unión Europea, de 10 de diciembre de 2009 (asunto T-195/08).

2.- Ofertas como melloras que teñen relación directa co servizo:

Critério 2	Ludus Tempori S Coop Galega	VV Xestión de Actividades, SL
Plataforma só con módulo de control de asistencia online dende móbil, tableta ou ordenador	X	Non oferta
Plataforma con módulo de control de asistencia e módulo de xestión de notificacións ao alumnado	Non oferta	Non oferta
Plataforma con módulo de control de asistencia e módulo de xestión de notificacións ao alumnado e módulo de solicitude de autorizacións	Non oferta	Non oferta



Critério 3	Ludus Tempori S Coop Galega	VV Xestión de Actividades, SL
1 xornada anual	Non oferta	Non oferta
2 xornadas anuais	Non oferta	Non oferta
3 xornadas anuais	Non oferta	X

Critério 4	Ludus Tempori S Coop Galega	VV Xestión de Actividades, SL
1 actividade trimestral	Non oferta	Non oferta
2 actividades trimestrais	Non oferta	Non oferta
1 actividade anual	Non oferta	Non oferta
1 actividade anual e unha trimestral	Non oferta	Non oferta

As persoas licitadoras fan constar na proposta que presentan, que nesta licitación non concorren con empresas vinculadas.

4 Acto de valoración do sobre C: oferta económica e demais criterios avaliábeis automaticamente

Logo de introducir as ofertas económicas no programa de valoración da Deputación provincial da Coruña non se detecta oferta con valores anormalmente baixos.

E de ver o resultado do sobre electrónico C: oferta económica e referencias avaliábeis automaticamente, a mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDA**:

A valoración da oferta económica e demais criterios avaliábeis mediante fórmulas:

Persoa licitadora	Critério 1 Oferta económica	Critério 2	Critério 3	Critério 4	Total
LUDUS TEMPORI S COOP GALEGA	0,34	2,00	0,00	00,00	2,34
VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, SL	0,09	0,00	6,00	00,00	6.09

5 Proposta de requirimento de documentación ao licitador que presenta a mellor oferta

Logo de ver o resultado da valoración dos sobre B e C, a mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDA**:

1.- A valoración total das ofertas formuladas, segundo os criterios de valoración:

Persoa licitadora	Puntuación Val. técnica	Oferta económica e criterios valorábeis automaticamente				Total
		Critério 1 Oferta económica	Critério 2	Critério 3	Critério 4	
LUDUS TEMPORI S COOP GALEGA	23,00	0,34	2,00	0,00	00,00	25,34
VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, SL	46,00	0,09	0,00	6,00	00,00	52,09

2.- Proponer ao órgano de contratación a clasificación das ofertas por orde decrecente:



Empresa Licitadora	Puntuación total orde descendente
VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, SL	52,09
LUDUS TEMPORI S COOP GALEGA	25,34

3 Propoñer ao órgano de contratación requirir ao ofertante que acadou a mellor puntuación, VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, SL, (CIF núm. G15354483), para que, presente no tempo e na forma a documentación xustificativa de:

a) Constituír a garantía definitiva, por importe de **2.910,14 €**, o 5 % do prezo final ofertado, excluído o IVE.

b) Achegar o compromiso a que se refire o artigo 75.2 da LCSP se a empresa desexa recorrer ás capacidades doutras entidades se estas van a executar as obras ou prestar servizos para os cales son necesarias ditas capacidades (só se a persoa licitadora recorrera a esta capacidade).

c) Dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 76.2 do PCAP, para o que deberá presentarse esta documentación:

- o anexo VI do PCAP, páxinas 53 e 54, (adscripción de medios materiais e persoais).

d) Documento acreditativo da personalidade física ou xurídica da persoa:

- cláusula VII e apartados 7.1 (–solvenza económica e financeira e solvenza técnica–). Se non estivese inscrito no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) as certificacións de estaren ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e tamén coas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia.

E todo iso no prazo de **10 (dez) días hábiles**, contados desde o envío da comunicación contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento que deberá formular por medios electrónicos e con firma electrónica.

De conformidade co punto primeiro da Disposición adicional décimo quinta da LCSP, os prazos a contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fora mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación publicárase o mesmo día no Perfil de contratante do órgano de contratación. En caso contrario os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.



5 Comprobar, de oficio, que o ofertante está ao día no cumprimento das obrigas co Concello de Santa Comba.

6 Rolda de intervencións

Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria da mesa

María del Carmen Castro Reborido
(Documento que se asina electronicamente)

A presidenta da mesa

Patricia Val Antelo



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Servizos	Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025
Plan	PSERVXAL (PSERVXAL)
Código dos servizos	2024/C004/000004
Orzamento	70519,1 € (21 % IVE incluído)
Licitación (PLCSP)	2024/C004/000004
Expediente núm.	2024/C004/000004
Procedemento	aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)
Tramitación	ordinaria

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello

Sesión núm.: 2

Tipo de sesión: ordinaria

Data: 16 de agosto de 2024 (venres)

Hora de comezo: 14:36 h

Hora de remate: 14:45 h

ASISTENTES

- Patricia Val Antelo, concelleira-delegada de Cultura; Deportes; Educación; Formación; Normalización Lingüística; Comunicación e Tecnoloxía; Xuventude, presidenta
- Evaristo Lois Rama, secretario accidental (PR da DXAL do 25/03/2021 e PDecreto do alcalde núm. 1199/2024 do 05/08/2024), vogal primeiro
- Francisco Javier Ulloa Arias, interventor municipal, en comisión de servizos (PR da DXAL do 18/01/2024), vogal segundo
- María del Carmen Castro Reborido, xefa de negociado de Tesourería, como secretario da mesa, con voz e sen voto

ORDE DO DÍA

Acto non público

1. Aprobación acta sesión anterior, a núm. 1 do 13/08/2024
2. Emenda documentación sobre A: *declaración responsable e compromisos e declaración*
3. Apertura, se procede, sobre B: *Referencias Técnicas. Criterios non avaliábles de forma automática*
4. Rolda de intervencións

O interventor municipal asiste e exercita o dereito de voto por medios telemáticos.

Foi comprobado pola secretaria da mesa o quórum de asistencia que se precisa.



Foi aberta a sesión, non pública, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.

DEBATE E ACORDOS

1. Aprobación acta sesión anterior, a núm. 1 do 13/08/2024

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, a núm. 1, correspondente ao 13/08/2024.

2. Emenda documentación sobre A: *declaración responsable e compromisos e declaracións*

A secretaria dá conta do acordo da mesa de contratación en xuntanza do 13/08/2024 referente ao resultado da cualificación da documentación referente ao sobre A: ***declaración responsable e compromisos e declaracións***

"1 Declarar admitida esta proposición:

Licitador
Ludus Tempori S. Coop. Galega

2 Conceder un prazo de **tres días hábiles** á empresa indicada abaixo para os efectos que emenden a documentación que se considera defecto ou omisión emendable:

Empresa Licitadora	VV XESTION DE ACTIVIDADES SL (CIF núm. B70077292)
Documento a emendar	1) declaración responsable (DEUC) (cláusula 8.4. Sobre/Arquivo Electrónico A, 1 do PCAP) 2) Compromisos e declaracións: 2.1. Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 76 da LCSP e cláusula adscribir á execución os medios materiais e persoais para iso (artigo 76 da LCSP e cláusula 8.4. Sobre/Arquivo Electrónico A, 2 do PCAP). Anexo V. 2.2 declaracións (anexo VI e cláusula Sobre/Arquivo Electrónico A, 2.2 do PCAP do PCAP)
Motivo/s	1) O DEUC non está cuberta en todas as partes (I, II, III, IV e VI). 2) Compromisos e declaracións: 2.1. Non presenta o anexo V. 2.2. Non presenta o anexo VI.
Normativa aplicable	LCSP: artigos 140,141.2, 157 e 326.2 da LCSP PCAP: cláusula 8.4 e os anexo V e VI. RXLCAP: artigo 81.2 Xunta Consultiva: informe 47/09, do 1/02/2010

3 Requiritr ao licitador VV XESTION DE ACTIVIDADES Sociedad Limitada, (CIF núm. B70077292), para os efectos de emenda da documentación indicada no apartado anterior que debería incluírse no sobre A: *Documentación administrativa*.

4 Comunicar este acordo mediante a PLACSP".

Foi comunicado ás persoas licitadoras do resultado da cualificación.



Foi requirida a persoa licitadora para que emendara as deficiencias ou defectos mencionados, mediante comunicación do 14/08/2024 na *Plataforma de Contratación do Sector Público*, (PLACSP).

Logo de comprobar que a persoa licitadora o 14/08/2024 presentou os documentos para emendar no tempo e no prazo, como consta na PLACSP (Código seguro de verificación: LZNGO_5YA55_/UYYA_89435), complementada na Sede Electrónica do Concello de Santa Comba (Rexistro de Entrada núm. 202499900001933 do 14-08-2024).

Logo de revisar a documentación, a mesa considera que é correcta.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Declarar admitida a proposición da persoa licitadora, despois de emendar, por cumprir os requisitos que se esixen no PCAP:

Persoa licitadora	CIF empresa
VV XESTION DE ACTIVIDADES SL	B70077292

2 As demais empresas admitidas constan na acta da sesión anterior.

3 Publicar este acordo na PLACSP.

4 Comunicar á persoa licitadora.

3. Apertura sobre B: Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática

A presidenta ordena abrir os sobres B: *oferta económica e demais criterios non valorados automaticamente* das empresas admitidas.

A secretaria da mesa descifra, abre e descarga a documentación incluída polas persoas licitadoras no sobre B.

No sobre B, os licitadores presentan o proxecto :

Foi acreditado que a documentación que presentan os licitadores está correcta e conforme ao disposto no PCAP que rexe esta contratación, sen entrar a valorar o seu contido.



A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

Achegar aos servizos técnicos do órgano de contratación o sobre B: apartado subtulado *Referencias Técnicas, criterios non valorables automaticamente*, para a valorar e emitir un informe técnico debidamente motivado verbo dos factores de adxudicación non avaliados de forma automática, logo de ver a documentación incluída polos licitadores no apartado do arquivo ou sobre electrónico B indicado arriba.

No expediente quedan todas as propostas presentadas.

4. Rolda de intervencións

Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria da mesa

A presidenta da mesa

María del Carmen Castro Reborido
(Documento que se asina electronicamente)

Patricia Val Antelo